


AS CONFESIÓN DE CARLOTA DOYLE

Autor AVI
Páxinas 232 páxinas
Editorial Galaxia Colección Costa Oeste
Xuvenil



SINOPSE

Carlota é unha rapaza de trece anos que emprende unha viaxe desde Liverpool (Inglaterra) ata Providence (Estados Unidos) a bordo do Seahawk, un enigmático barco gobernado polo capitán Jaggery no que moi poucos mariñeiros se queren enrolar. Carlota Doyle nunca poderá prever os terribles sucesos dos que vai ser protagonista e que transformarán por completo a súa vida.

AUTOR

EDWARD IRVING WORTIS

Co pseudónimo Avi é coñecido o escritor estadounidense Edward Irving Wortis, que naceu en Brooklyn, Nova York en 1937. Na actualidade, vive en Providence, cidade do estado de Rhode Island, de longa tradición literaria e mariñeira.

Leva publicados máis de vinte títulos de literatura infantil e xuvenil así como outros para adultos. Entre os primeiros destacan *The man who was Poe* e *Something upstairs*. A aparición en 1990 de *As confesión de Carlota Doyle* supuxo a súa consagración definitiva como un dos autores imprescindibles da actual narrativa para rapaces nos Estados Unidos.

DEBATE NA AULA

DEBATE NA AULA

- A educación tradicional da muller.
- Aqueles que son diferentes: unha rapaza e un home de raza negra.
- A tiranía.
- Os valores nas persoas: lealdade, amizade e compañeirismo fronte á obediencia resignada.
- A maduración persoal.
- A liberdade.

ANTES DE LER O LIBRO

EXPRESIÓN ORAL

Conversa, achegamento ou indagación de ideas previas sobre a educación ou a forma de vida das rapazas de familias acomodadas no século XIX.

EXPRESIÓN ESCRITA

Conta nunhas poucas liñas o que sabes ou como imaxinas a vida nos buques no momento no que se sitúa a historia: vida mariñeira, costumes, relatos de piratas, etc.

DURANTE A LECTURA DO LIBRO

PARA INVESTIGAR

- Ao longo da historia da literatura téñense escrito moitas novelas *mariñeiras*. Investigade arredor delas e facede unha relación de títulos e temáticas.
- Seguindo a liña do traballo anterior, investigar arredor das mulleres piratas, que algunhas houbo. Quen eran e cales foron as súas aventuras.

EXPRESIÓN ORAL

Posta en común para probar o grao de intriga do relato. Haberá que deterse en dous momentos da historia, cando Zacarías recibe a malleira que o leva “á morte”, e cando se anuncia o xuízo contra Carlota; trataredes de explicar que final vos parece que vai ter a novela.

EXPRESIÓN ESCRITA

Texto descritivo. Describe o personaxe que, excepto Carlota, máis chama a túa atención ou che parece máis interesante. Céntrate en especial na súa personalidade, comportamento, valores...

EXPRESIÓN ORAL

- Debate centrado na maduración do personaxe de Carlota: como empeza sendo e como acaba? Que opinas da relación coa familia ao inicio do libro e ao final? Que lle criticarías a ela e que aos pais.
- O personaxe de Keetch remata tendo unha importancia central no desenlace do libro. El actúa dende a traizón. Coidas que podería terse comportado doutro xeito?, hai circunstancias na vida que poden chegar a xustificar a traizón?

EXPRESIÓN ESCRITA

- Texto argumentativo: as diferenzas entre a vida das rapazas de clase alta e as das clases baixas ou medias. Para facelo compara a personaxe de Carlota e a das criadas que a atenden; ten en conta tamén o trato que os mariñeiros lle dan á protagonista pola súa condición sexual.
- Texto narrativo. Escribe un final distinto para a novela.
- Comenta a frase: *O traballo no mar non é cousa de mulleres.*
- Escribe un texto no que ofrezas argumentos a favor da tiranía como unha boa forma de goberno.
- Pareceche que de ser o barco que aparece na novela todo de tripulación feminina, e en troques de Carlota fose Carlos quen vai nel o trato recibido sería o mesmo?
- Escribe un *Decálogo do bo pirata.*

INVESTIGA

- Infórmate doutras novelas de calquera literatura, cuxa temática sexa a educación das rapazas en tempos pasados ou a diferenza entre estas e os homes.
- Procura información acerca da situación da piratería hoxe en día.

DEBATE NA AULA

En relación coa situación na actualidade, poderíase aproveitar para organizar un debate arredor da pervivencia ou non de actitudes machistas na sociedade.

CINE-FÓRUM

Visionado e posterior posta en común arredor de calquera das múltiples versións de *Mujercitas*, para analizar a educación tradicional destinada ás mulleres, en comparación co carácter do personaxe de Carlota.